

MODIFICACIÓN DA DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA DAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Durante o curso 2020/21, dada a situación sanitaria provocada polo COVID-19, tomouse a decisión de non organizar actividades complementarias e extraescolares.

En novembro de 2021, para poder realizar actividades extraescolares e complementarias, tanto o Claustro de Profesores como o Consello Escolar do centro aprobaron unha disposición adicional as Normas de Organización e Funcionamento (NOF) para regular as condicións que debían cumprir os interesados en asistir ás mencionadas actividades.

Como queira que a situación sanitaria e as restriccións impostas polas autoridades cambiaron ostensiblemente dende a data de aprobación da mencionada disposición, compre modificar a citada norma para axustala máis á realidade actual.

A disposición queda redactada como segue.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA - MODIFICADA

Medidas de protección contra do COVID na realización de actividades extraescolares e complementarias.

O centro poderá exixirles aos participantes o certificado COVID ou, no seu defecto, unha proba de antíxenos negativa, certificada por farmacia, obtida nas 24 horas anteriores á realización da actividade, nos seguintes casos:

- Cando a participación na actividade poida dar lugar a situacións de risco para o alumnado.
- Cando as entidades organizadoras da actividade así o exixan.

No caso de que nas datas previas á realización da actividade se detecte algún caso de infección no grupo participante será preceptivo presentar unha proba de antíxenos negativa, certificada por farmacia, obtida nas 24 horas anteriores á súa realización.

En todo caso o departamento organizador decidirá ao respecto.